



Guía Docente			
Datos Identificativos			2024/25
Asignatura (*)	Representación e Recuperación Dixital da Información II	Código	710G04013
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria
Idioma	Castelán		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Humanidades		
Coordinación	Mandiá Rubal, Sara	Correo electrónico	sar.mandia.rubal@udc.es
Profesorado	Mandiá Rubal, Sara	Correo electrónico	sar.mandia.rubal@udc.es
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G		
Descripción xeral	Coñecemento dos principais conceptos e formulacións teóricas centrais no estudo da análise de contido e as súas operacións (indización, clasificación e resumo). Coñecemento, uso, creación e mantemento dos principais tipoloxías de linguaxes documentais, controlados e libres. Prácticas considerando diferentes tipoloxías documentais e ferramentas dixitais.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e comprender os principios teóricos e metodolóxicos que rexen os procesos de clasificación, organización, representación, selección e recuperación da información a través das linguaxes documentais.			A1 B1 C1 A8 B3 C3 A9 B5 C4 A13 B6 C5 B7 C7 B8 C8
Saber aplicar as linguaxes documentais para a indización, clasificación e representación das fontes de información de calquera tipo e soporte.			A1 B2 C1 A6 B3 C2 A8 B4 C5 A9 B5 C6 A13 B6 C8 A14 B7 B8 B9 B10 B11
Comprender a importancia da normalización na clasificación e recuperación da información.			A1 B5 C3 A13 B6 C5 A14 B7 C8 B8 B10



Coñecer as principais linguaxes documentais empregados na actualidade para a clasificación e recuperación da información: CDU, taxonomía, tesauros, ontologías e listas de encabezamentos de materia.	A1 A6 A8 A9 B9 B10 B11	B5 B6 B7 B8 C2 C3 C8
Saber manexar as principais ferramentas dixitais aplicadas á clasificación e recuperación da información: SKOS.	A6 A8 A9 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C5 C6 C8
Coñecer os novos modelos dixitais empregados na clasificación e recuperación da información: Linked Open Data.	A1 A6 A8 A9 B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C5 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A análise de contido: indización, clasificación e resumo	1.1 Introducción 1.2 Indización 1.3 Clasificación 1.4 Resumo
Tema 2. As linguaxes documentais	2.1 Introducción 2.2 Evolución histórica 2.3 Terminología 2.4 Concepto e caracterización 2.5 Objetivos e funciones 2.6 Tipologías e criterios de clasificación
Tema 3. As listas de encabezamentos de materias	3.1 Introducción 3.2 Concepto y caracterización 3.3 Principales listas de encabezamientos de materias 3.4 Elementos y relaciones semánticas 4.5 Selección y construcción de encabezamientos: Principios rectores y reglas 4.6 Ejemplificación: la Lista de Encabezamientos de Materias para Bibliotecas Públicas



Tema 4. Os sistemas de clasificación	4.1 Concepto e caracterización 4.2 Composición 4.3 Sistemas de clasificación documentais vixentes 4.4 Tipoloxías 4.5 Exemplificación: a clasificación Decimal Universal (caracterización, estrutura e uso). 4.6 Elaboración de clasificacións
Tema 5. Os Tesauros	5.1 Concepto e caracterización 5.2 Tipoloxías 5.3 Estrutura: unidades léxicas, relacións semánticas, notas e aclaracións 5.4 Control do vocabulario nos tesauros 5.5 Regras para o establecemento dos termos 5.6 Formas de presentación 5.7 Elaboración 5.8 Mantemento e actualización 5.9 Exemplificación:Tesouro da Unesco, Eurovoc etc.
Tema 6. Ferramentas de representación e recuperación de información na web	6.1 Introducción 6.2 Skos 6.3 Uso de ferramentas

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A5 B3 B7 B9 C2 C5 C10	21	0	21
Análise de fontes documentais	A3 A5 B2 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C6 C7 C10 C11 C15	10	30	40
Portafolios do alumno	A3 A5 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C5 C6 C7 C10 C11 C12 C14 C15	10	30	40
Presentación oral	A3 A5 B1 B4 B7 C1 C3 C5 C7 C10 C14	10	5	15
Proba mixta	A3 A5 B1 B2 B6 B7 B8 C1 C10 C15	2	32	34
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos esenciais correspondentes aos temas do programa, que poderá ser apoiada por medios audiovisuais. Proposta de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.
Análise de fontes documentais	Os alumnos farán prácticas de indización, clasificación e resumo considerando documentos de diferentes tipoloxías e diversas linguaxes documentais. Os alumnos, seguindo indicacións da profesora, seleccionarán un grupo de documentos para o seu análise.



Portafolios do alumno	Reunión virtual (a través da plataforma moodle) dos traballos dos alumnos que permitirán comprobar o seguimento dos contidos expostos, profundar nos contidos traballados e poñer en práctica as habilidades ensinadas. Requiriranse, entre outras posibilidades, mostras do uso axeitado de ferramentas TICs, consultas de diferentes recursos accesibles a través de Internet; actividades de resumo, comentario ou resposta a preguntas sobre lecturas, vídeos, conferencias, etc.; test de moodle ou google forms
Presentación oral	Ó longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordeado, propoñendo cuestiós, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos que se incluirán no portafolios e os documentos que analicen e documentos que analicen
Proba mixta	Método de avaliación dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, puidendo combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta curta (pechada ou non) e outras más extensas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso.
Portafolios do alumno	
Proba mixta	Empregaranse preferentemente as titorías presenciais e o correo electrónico e o chat de Teams. Acordándose previamente coa profesora, poderánse tamén realizar titorías por vídeo-conferencia a través de Teams.
Sesión maxistral	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Análise de fontes documentais	A3 A5 B2 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C6 C7 C10 C11 C15	Valorarase a adecuación dos documentos seleccionados para a realización da actividade proposta; a capacidade de identificación de contidos relevantes e de síntese; a aplicación dos coñecementos e habilidades adquiridas nesta materia; a capacidade de relacionar práctica e teoría para xustificar a análise realizada; a adecuación ás pautas marcadas para cada actividade, a coherencia, redacción e presentación.	30
Portafolios do alumno	A3 A5 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C5 C6 C7 C10 C11 C12 C14 C15	Valorarase a adecuación ás pautas marcadas para cada actividade, o contenido, as achegas por parte dos alumnos, a coherencia da súa estructura, a redacción e presentación. Poderán especificarse outros criterios de avaliação particulares no momento da presentación das actividades aos alumnos.	30
Proba mixta	A3 A5 B1 B2 B6 B7 B8 C1 C10 C15	Valorarase a adecuación das respuestas ás preguntas plantexadas, o nivel de coñecementos demostrado, a ausencia de errores, as achegas persoais, así como a capacidade do alumnado para sintetizar, desenvolver, comparar ou relacionar de forma autónoma o contido teórico-práctico da materia. Terase en conta a expresión, corrección ortográfica e presentación, que poderán restar puntos.	40

Observacións avaliación



Para aprobar a materia, é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación, a condición de que se obteña un mínimo de 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías mencionadas a continuación: proba mixta, análise de fontes documentais e portafolios. Se a nota nalgúnha destas metodoloxías é inferior a 4 suspenderase a materia. Cando sexa necesario acordar un tema/documento sobre o que se traballará, non se avaliarán as entregas non consensuadas coa profesora no prazo establecido para tal fin. Cando se teña consignado unha práctica das metodoloxías portafolios ou análise de fontes documentais, as restantes entregas desa metodoloxía non entregadas nos prazos que se establezan cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración e dos traballos copiados ou plaxiados. A cualificación será de non presentado (N. P.), cando non se entregue ningún dos traballos do portafolios ou o traballo tutelado ou non se asista á proba mixta (exame)

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudiantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Respectaranse as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas. Para anos posteriores, na metodoloxía análise de fontes documentais, deben escollerse novos documentos. Será obligatorio comunicar á profesora como se abordará a avaliación nesta segunda oportunidade. De ser preciso acadar o consenso da profesora para algunha das tarefas, será obligatorio ter consensuado o tema/documento sobre o que se traballará como mínimo un mes antes da data fixada para o examen pola Facultade de Humanidades. Para presentarse ao exame (proba mixta) será requisito imprescindible ter presentado previamente o portafolios e os traballos de análise de fontes documentais.

ALUMNOS CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Terán que acordar unha tutoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo idóneo e de entregas para a a primeira oportunidade. De non realizarse esa primeira tutoría na que se acordará unha data de entrega alternativa, entenderase que o alumno opta por presentar os traballos na mesmas datas que o resto do alumnado.

Na segunda oportunidade, as datas de entrega límite serán as mesmas que para o resto do alumnado. O resto das condicións serán as mesmas que para os outros alumnos.

Fontes de información



Bibliografía básica	AENOR. Documentación. Métodos para el análisis de documentos. Determinación de su contenido y selección de términos de indexación (UNE 50-121-91). AENOR. Documentación. Preparación de resúmenes (UNE 50-103-90). AENOR. Documentación. Directrices para el establecimiento y desarrollo de tesauros monolingües (UNE 50-106-90). Aguiriano López de Armentia, C.; Cuadrado Benítez, M.; Cid-Leal, P. (2009). Una polémica: ¿Lenguajes documentales o de indexación? En P. Cid Leal, M. Cuadrado Benítez, M. Junca Campdepadrós y C. Aguiriano López de Armentia (eds.). Fundamentos de lenguajes documentales. Barcelona: UOC.Blaney, J. Introducción a los datos abiertos enlazados. En The Programming Historian [en línea]. Disponible en: https://programminghistorian.org/es/lecciones/introduccion-datos-abiertos-enlazados Clausó, A. (2005). Manual de análisis documental. Pamplona: EUNSA. Curras, E. (2005). Ontologías, taxonomía y tesauros. Manual de construcción y uso. Gijón: Trea Eurovoc Thesaurus (2009). Luxemburgo: Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas, 2009. Disponible en: https://eur-lex.europa.eu/browse/eurovoc.html Gil Leiva, I. (2008). Manual de indexación: teoría y práctica. Gijón: Trea. Gil Urdiciaín, B. (2004). Manual de lenguajes documentales. Gijón: Trea. Juncà Campdepadrós, M.; Martínez Ferreras, D. (2009). Lenguajes documentales. Barcelona: UOC, (módulos 2 y 6). López-Huertas Pérez, M. J. (1991). Lenguajes documentales: Aproximación a la evolución histórica de un concepto. Boletín de la ANABAD, 41(1), 61-70. Disponible en: https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=224116 López-Huertas Pérez, M. J. (1991). Lenguajes documentales: Terminología para un concepto. Boletín de la ANABAD, 41(2), 171-189. Disponible en https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=224133 Marcondes, C. H. (2018). Datos Abiertos enlazados de archivos, bibliotecas y museos en la web. barcelona: UOC. Martínez Tamallo, A.; Valdez, J. C. (2009). Indización y clasificación en bibliotecas. Buenos Aires: Alfagrama. Ministerio de Cultura. Dirección General del Libro y Bibliotecas (1994). Lista de Encabezamientos de Materia para las Bibliotecas Públicas. Madrid: Ministerio de Cultura. Ministerio de Educación Cultura y Deporte (2011). Lista de Encabezamientos de Materia para las Bibliotecas Públicas en SKOS. Disponible en: http://id.sgcb.mcu.es/ Moreiro González, J. A. (2004). El contenido de los documentos textuales: su análisis y representación mediante el lenguaje natural. Gijón: Trea. Moreiro González, J. A.; Morato Lara, J.; Sánchez Cuadrado, S.; Rodríguez Barquín, B. A. (2006). Categorización de los conceptos en el análisis de contenido: su señalamiento desde la Retórica clásica hasta los Topic Maps. Investigación bibliotecológica, 20 (40). Disponible en: http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0187-358X2006000100002 . Pastor, J. A.; Martinez, F.J.; Rodriguez J.V. (2009). Advantages of thesaurus representation using the Simple Knowledge Organization System (SKOS) compared with proposed alternatives. Information Research, 14(4), paper 422. Mochón Bezares, G.; Méndez Rodríguez, E. M.; Bueno de la Fuente. G. (2020). Conversión normalizada (SKOS) de sistemas de organización del conocimiento interoperables en la web. Investigación bibliotecológica, 34 (82), 53-86. Pinto Molina, M. (1989). Introducción al análisis documental y sus niveles: el análisis de contenido. Boletín de la Anabad, XXXIX (2) 323-341. Disponible en: https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/798857.pdf Pinto Molina, M. (1993). Análisis documental. Fundamentos y procedimientos. Madrid: EUDEMA, 207-236. Pinto, M. (ed.) (1997). Manual de clasificación documental. Madrid: Síntesis Pinto Molina, M. (2001). El resumen documental paradigmas, modelos y métodos. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Pinto Molina, M.; García Marco, F. J.; Agustín Lacruz, M. C. (2002). Indización y resumen de documentos digitales y multimedia. Técnicas y procedimientos. Gijón: Trea. Sánchez-Jiménez, R.; Gil-Urdiciaín B. (2007). Lenguajes documentales y ontologías. El profesional de la información 16 (6), 555-560. Sánchez Luna, B. E. (2012). Lenguajes documentales. Anuario de Bibliotecología 1 (1), 61-77. Disponible en: http://ru.ffyl.unam.mx/bitstream/handle/10391/4267/05_AB_1_2012_Sanchez_61-77.pdf?sequence=1&isAllowed=y Torre-Bastida, A.I.; González-Rodríguez, M.; Villar Rodríguez E. (2015). Datos abiertos enlazados (LOD) y su implantación en bibliotecas: iniciativas y tecnologías. El profesional de la información 24 (2), 113-120. UNESCO (2009). Tesauro de la Unesco. Disponible en: http://vocabularies.unesco.org/browser/thesaurus/en/?clang=es UDC Consortium (2013). Universal Decimal Classification. Summary. Disponible en http://www.udcsummary.info/php/index.php?lang=es W3C (2010). Manual de Skos (Simple Knowledge Organization System, Sistema para la organización del conocimiento simple). Anales de Documentación 13, 285-320.
---------------------	---



Bibliografía complementaria	A profesora podrá proporcionar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Representación e Recuperación Dixital da Información I/710G04007

Organización e Xestión do Coñecemento/710G04003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías